



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Fixación do número máximo de días naturais no ano 2026 en que se poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas

RESOLUCIÓN

ASUNTO: FIXACIÓN DO NÚMERO MÁXIMO DE DÍAS NATURAIS NO ANO 2026 EN QUE SE PODERÁN AMPLIAR OS HORARIOS DE PECHES DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/001073

ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº 2025/G003/001073

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

No artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro dispónse que os concellos establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

De acordo coa normativa indicada e en uso das competencias que me outorga a lexislación vixente,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. Fixar un máximo de **55 días naturais** durante o ano **2026** nos que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se desenvolvan neste concello, debendo compatibilizarse o seu desenvolvemento coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica e co funcionamento dos servizos públicos.

2º. As datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución desta alcaldía, ben de oficio ou a petición de parte interesada, conforme os criterios e circunstancias sinalados na Orde do 23 de outubro de 2020.

3º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para coñecemento xeral e para os efectos oportunos.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 10 de decembro de 2025.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]